

PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR 2016/2017 (DOG do 16.05.2016)

SOLICITUDE: Recollela na secretaría do centro ou descargala da web do CPI Tomás de Lemos, imprimila e cubrila (só páxinas 1, 2, 3 e 4)

PRAZOS: Do 18 de maio ao 23 de xuño (este incluído)

O alumnado que repita 4º ESO, no curso 2016/2017, poderá presentala no prazo dun mes dende a formalización da matrícula.

PRESENTACIÓN: Na secretaría do centro.

Unha única solicitude para todos os alumnos que estean matriculados no mesmo centro, indicando o curso que van facer no 2016/2017.

DATOS ECONÓMICOS E FAMILIARES: *(Datos a 31 de decembro de 2014)*

Renda per cápita correspondente ao *exercicio fiscal de 2014*.

Renda per cápita: (Renda 2014): 430 + 445 o resultado dividilo entre os membros da familia.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAGAR COA SOLICITUDE

- Libro de familia* que reflicta a situación familiar a 31 de decembro de 2014.
- Certificado de convivencia (só se os datos NON coinciden co libro de familia).*
- Sentenza de separación (no caso de que exista)*
- Certificado minusvalía (no caso de que exista).*

MODALIDADE DE AXUDA:

FONDO SOLIDARIO (préstamo libros) está destinado a: 3º, 4º, 5º, 6º E. Primaria e 1º e 3º ESO.

ADQUISICIÓN LIBROS: (axuda económica para mercar libros) está destinada a 1º e 2º de Educación Primaria, 2º e 4º ESO, alumnado Educación Especial.

MATERIAL escolar: axuda de 50 €, para familias cunha renda per cápita no 2014, igual ou inferior a 5.400 €.

REQUISITOS DE CARÁCTER XERAL:

Ter devolto en bo estado os libros de texto adquiridos coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2015/2016.

O calendario de devolución para o alumnado do centro indicárase proximamente.

RELACIÓN DE ADMITIDOS/EXCLUIDOS NO FONDO:

Durante o mes de xullo iranse expondo os listados na web do centro e no taboleiro de anuncios, DEBERÁN ESTAR ATENTOS/AS para posibles reclamacións.

